



A Coruña, 11 de novembro de 2022  
Circular: 024/2022

## **ASISTENCIA PERICIAL À ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

Tal como se informou no seu momento, con data de 20 de maio de 2013, o CONSELLO GALEGO DE EE.TT.II. asinou Convenio con a, entón, CONSELLARIA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA sintetizado na elaboración anual dunha Listaxe única de ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS para actuaren como Expertos Periciais en intervencións de prestación de asesoramento e ditame en procesos penais na contorna do dereito a asistencia xurídica gratuita cando así se acorde de oficio por xuíz ou tribunal.

A esta Listaxe incorpóranse de xeito voluntario os EE.TT.II. rexistrados nos Colexios de Galicia, debendo reunir determinados requisitos que se explicitan no Convenio.

De tal xeito, COETICOR<sup>®</sup>, por medio desta comunicación, emite oficialmente a convocatoria 2023, con obxecto de que os interesados que acrediten o cumprimento das exigencias e obrigas que estipula o convenio, poidan facer a súa inscrición.

Xúntase solicitude de incorporación a esta Listaxe que, debidamente cuberta e acompañada da Ficha de datos, remitirase **antes do 29 de novembro de 2022**, data na que se fechará a recepción de solicitudes.

### **A XUNTA DE GOBERNO.**

**Anexo:** [PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLARIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PERICIAL Á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.](#)



# EXPERTOS PERICIALES 2023 PROTOCOLO CPAPEX - CGETI

**Nº Colexiado:**

**Nome e Apelidos**

**Enderezo postal**

**Teléfono/s:**

**E.mail:**

\_\_\_\_\_@coeticor.net

**Áreas de coñecemento:**

**Área de actuación preferente (*marcar unha*)**

<b>Centro</b>	<b>A Coruña</b>	
<b>Oeste</b>	<b>Carballo</b>	
<b>Norte</b>	<b>Ferrol</b>	
<b>Sur</b>	<b>Santiago de C.</b>	



Por medio deste documento comunico de xeito fidedigno a miña disposición a figurar na Listaxe de expertos periciais mantida polo CONSELLO GALEGO DE EE.TT.II. en aplicación das cláusulas do Protocolo de Colaboración coa CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA para asistencia pericial á Administración de Xustiza, nas áreas de coñecemento da Enxeñería Técnica Industrial, para o cal acompaño o pertinente formulario cos datos requeridos.

A tal fin, manifesto ter sido informado, e coñezo o texto de dito protocolo e certifico explicitamente, no seu caso con acompañamento de documentación acreditativa, o cumprimento dos requisitos expostos nas Cláusulas 4ª a 9ª do mesmo, en especial:

- **Pertenza ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña.**
- **Antigüidade mínima de tres anos no desempeño da miña Profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial.**
- **Ter recibido formación específica como experto pericial de parte de COETICOR ou doutro Colexio integrado no CGETI.**
- **Ter realizado cursos de especialización na avaliación e peritaxe das áreas tecnolóxicas nas que solicito participar.**

Outorgo a miña expresa conformidade para que os datos que facilito para esta inscrición se comuniquen a dita Consellería por pedimento de esta, e a divulgación por calquera medio en todos os ámbitos vencellados aos fins desta Listaxe.

Asimismo, declaro o meu compromiso de cumprir coas ordinarias e xerais obrigas fiscais, tributarias e sociais que, como mínimo consisten en acharse de alta no IAE para ITIs, no Seguro de R.C. e no RETA (ou alternativa MUPITI), pertencer ou ser titular de Empresa cuxo obxecto social inclúa esta actividade profesional e, no seu caso, aquelas outras obrigas que se deriven do exercicio desta actividade económica en calquera das súas alternativas.

A Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022.

Asdo.: D. \_\_\_\_\_  
Enxeñeiro Técnico Industrial  
Colexiado Coeticor nº \_\_\_\_\_.

- **Sr. Presidente do Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais.**